



**AUTORIZACIÓN MÚLTIPLE PARA ALUMNADO DE 5º E 6º DE EDUCACIÓN PRIMARIA**

Eu \_\_\_\_\_ pai/nai/titor/a  
 do alumno/a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de Educación \_\_\_\_\_ do CEIP A MAÍA.

**AUTORIZACIÓN PARA USO DA IMAXE E SON**

Autorizo ao CEIP A MAÍA a captar, reproducir, publicar e distribuír as imaxes así como ao rexistro de son da alumna/do alumno arriba citado, derivadas da súa intervención en actividades programadas polo propio centro (viaxes, excursións, festas, festivais e outras actividades escolares, complementarias e/ou extraescolares), en calquera dos formatos existentes: carteis, revistas, exposicións, páxina web, blogue de aula, prensa, televisión, vídeo, DVD; suxeita ao seu uso exclusivamente educativo e non comercial.

SI  NON

**AUTORIZACIÓN PARA SAÍDAS**

AUTORIZO á miña filla/ ao meu fillo a participar nas saídas escolares que se realicen no centro durante o presente curso. De acordo coas Normas de Organización e Funcionamento do centro, a autorización dos pais/nais ou titores/as legais do alumnado é preceptiva para a realización de calquera saída escolar. En consecuencia, o alumnado que non dispoña da correspondente autorización non realizará as saídas. Estas actividades requirirán ademais para a súa realización, unha conduta correcta e un bo aproveitamento escolar. O alumnado que non cumpra estes requisitos, non participará nas mesmas e será atendido no centro.

SI  NON

**AUTORIZACIÓN DE RESPONSABLES PARA RECOLLER NO CENTRO**

AUTORIZO as seguintes persoas responsables a recoller o meu fillo/a:

Nome	Apelidos	DNI	Teléfono

Ou  Autorizo ao meu fillo/a a baixar só na parada de transporte escolar, eximindo á Consellería de calquera responsabilidade por danos ou lesións indemnizables que poidan sufrir os escolares.

Bertamiráns, de \_\_\_\_\_ de 2020

Asdo.: .....



## IMPORTANTE

De acordo co Regulamento Xeral de Protección de Datos 2016/679 da Unión Europea **informámoslles que:**

- Estes datos incorporaranse a un ficheiro ou tratamento de datos de carácter persoal, coa finalidade de manter actualizados os datos necesarios para as tarefas educativas e administrativas derivadas da matrícula da súa filla/fillo neste centro educativo.
- Sempre teñen a posibilidade de exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición.

En virtude da Disposición adicional vixésimo terceira da LOE:

1. Os centros docentes poderán solicitar os datos persoais do seu alumnado que sexan necesarios para o exercicio da súa función educativa. Os devanditos datos poderán facer referencia á orixe e ambiente familiar e social, a características ou condicións persoais, ao desenvolvemento e resultados da súa escolarización, así como a aquelas outras circunstancias cuxo coñecemento sexa necesario para a educación e orientación dos alumnos.

2. Os pais ou tutores e os propios alumnos deberán colaborar na obtención da información á que fai referencia este artigo. A incorporación dun alumno a un centro docente supoñerá o consentimento para o tratamento dos seus datos e, no seu caso, a cesión de datos procedentes do centro no que estivese escolarizado con anterioridade, nos termos establecidos na lexislación sobre protección de datos. En todo caso, a información á que se refire este apartado será a estritamente necesaria para a función docente e orientadora, non podendo tratarse con fins diferentes do educativo sen consentimento expreso.”